

## **PREÁMBULO**

O Concello de Dumbría en colaboración co equipo Conco Box organizan a proba deportiva popular (proba deportiva a nivel popular de atletismo de cross con obstáculos) denominada: «VI» *CROSS DE OBSTÁCULOS TERRAS DO VÁKNER* », coas debidas autorizacións da Federación Galega de Atletismo e o Concello de Dumbría, que se disputará o día 13 de xuño de 2026, baixo o seguinte regulamento particular:

### **ARTIGO 1**

A proba disputarase o día 13 de xuño de 2026, con saída e chegada no circuíto de cross das instalacións deportivas do Conco (DUMBRIA), en formato de proba deportiva popular (proba deportiva con control de tempos).

**CARREIRA CATEGORIAS DE BASE 1,5 KM:** Nesta categoría poderán participar nenos e nenas nados entre os anos 2010 a 2016. Esta carreira non será competitiva nin terá clasificación, tódolos corredores terán de regalo unha medalla conmemorativa do evento. A inscrición para esta categoría é gratuita. Límite de prazas 100. Haberá voluntarios da organización en cada obstáculo para que os participantes os superen se fose necesario

#### **OPCIÓN 1 PERCORRIDO LONGO**

Circuíto cunha distancia total de 7,5km. 2 voltas a un circuíto de 3,750 km aprox. por volta. Dito percorrido estará deseñado cun número de obstáculos determinado que os participantes deberán superar.

#### **OPCIÓN 2 PERCORRIDO CURTO.**

Circuíto cunha distancia total de 3,750km. Dito percorrido estará deseñado cun número de obstáculos determinado que os participantes deberán superar.

**No momento de realizar a inscrición, os corredores/as só poderán anotarse a unha das distancias.**

### **ARTIGO 2 - PARTICIPACIÓN**

A carreira, estará aberta a todos os interesados en participar . Poderá participar na marcha calquera persoa que teña un mínimo de 16 anos cumpridos o día da proba.

Para participar, é obrigatorio estar en posesión de licenza federativa de atletismo en vigor, ou subscribir a licenza dun día que inclúe o seguro

proporcionado pola Federación Galega de Atletismo. Os seguros antes mencionados, son os únicos seguros válidos e aceptados pola organización da proba para poder participar.

A participación na proba será baixo a responsabilidade e propio risco dos participantes.

O participante no momento da súa inscrición manifesta atoparse fisicamente apto para afrontar o percorrido da proba e que non ten ningún impedimento físico nin psíquico para afrontar o percorrido.

No momento da inscrición, ao participante que non dispoña de licenza federativa, formalizaráselle a correspondente licenza dun día. Dita licenza outorgará o dereito durante o día da proba a contar con seguro de accidentes e seguro de RC nos termos que a Federación Galega de Atletismo contempla.

A Federación Galega de Atletismo facilitará a licenza por un día aos non federados, que se realizará no momento da inscrición.

### **ARTIGO 3 - SEGURIDADE**

#### **NORMATIVA XERAL E DE SEGURIDADE da V Cross de obstáculos Concello de Dumbría.**

3.1. Todas as probas incluídas no programa da carreira, rexeranse pola **regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia**, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).

3.2. Cada proba estará subscrita ao **seguro de responsabilidade civil** do concello onde se realice, ou da Federación Galega de Atletismo. Tamén contará cun **seguro de accidentes** que terá as coberturas mínimas esixidas no Real Decreto 849/199.

3.3. Así mesmo todas as probas contarán cun **servizo médico-sanitario**, que constará dunha ambulancia e un médico para aquelas probas que non superen os 750 participantes.

3.4. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios

e/ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.

3.5. No caso de que para o día de celebración da proba se decrete unha **alerta laranxa a proba será suspendida** automaticamente. Buscarase unha data adecuada para desenvolvela e non se devolverán os cartos da inscrición.

3.6. Os atletas que durante o transcurso da proba circulen por fóra do espazo delimitado polos vehículos de sinalización de inicio e fin de carreira considéranse a todos os efectos usuarios normais da vía.

3.7. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.

3.8. Poderanse efectuar reclamacións ante o Xuíz Árbitro da proba. A participación é libre e leva implícita a aceptación do Regulamento Xeral da proba. Todo o non previsto neste regulamento resolverase de acordo, por esta orde, ás normas da F.G.A., RFEA e I.A.A. F. en vigor.

3.9. O Concello de Dumbría, porá a disposición dos participantes na carreira, as instalacións deportivas Municipais, para que se poidan cambiar e duchar. Así mesmo, tamén porá a disposición dos corredores un servizo de gardarroupa na mesma instalación.

3.10. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.

3.11. Os/as participantes recibirán un agasallo conmemorativo no momento da recollida dos dorsais.

#### 3.12. Descualificacións:

3.12.1. O servizo médico da competición está facultado para retirar durante a proba a calquera atleta que manifeste un mal estado físico.

3.12.2. Todo atleta que non realice o percorrido completo.

3.12.3. O atleta que manifeste un comportamento non deportivo ou se reitere en protestas ante a organización.

## **ARTIGO 4 - CONDICIÓN FÍSICA**

Cada deportista participa na proba baixo a súa responsabilidade e declara estar en condicións físicas óptimas, así como ter dominio técnico suficiente para

afrontala.

A organización aconsella a todos os participantes que pasen un recoñecemento médico previo á proba co fin de detectar e descartar calquera anomalía incompatible coa práctica do atletismo.

Todo participante na marcha comprométese a estar a un nivel físico adecuado, que lle permita cumprir coas medidas establecidas pola organización.

## **ARTIGO 5 - INSCRICIÓN**

Non se considerarán formalizadas as inscricións ata que non se realice o pago das mesmas.

A inscrición realizarase por adiantado a través da páxina Web:

<http://www.emesports.es>.

### **PRAZO DE INSCRICIÓN:**

Apertura: 13 de maio de 2026 a partir das 12,00 h

Peche inscricións: 9 de xuño ás 23,59 h.

A organización, pon un límite de participantes para cada carreira que son os seguintes:

Opción larga: 150 corredores/as

Opción curta: 150 corredores/as

Carreira de base: 100 corredores/as

## **ARTIGO 6 - CATEGORÍAS E TROFEOS**

**CARREIRA CURTA:** Optan a esta clasificación todos/as atletas participantes na proba. Recibirán trofeo os tres primeiros/as clasificados/as nas seguintes categorías.

- SUB 18: Ter entre 16 e 18 anos cumpridos o día da proba.

- ABSOLUTA: A partir dos 16 anos cumpridos o día da proba.

\* As clasificacións non son acumulables, a categoría principal é a absoluta. O deportista que se clasifique entre os tres primeiros na categoría absoluta recibirá o trofeo nesa categoría, non optando ao premio nas noutras categorías. (SUB 18)

**CARREIRA LONGA:** Optan a esta clasificación todos/as atletas participantes na proba. Recibirán trofeo os tres primeiros/as clasificados/as nas seguintes categorías:

- SUB 18: Ter entre 16 e 18 anos cumpridos o día da proba

- ABSOLUTA: A partir dos 16 anos cumpridos o día da proba.

- MASTER 1: Ter entre 40 e 50 anos cumpridos o día da proba.
- MASTER 2: Ter máis de 50 anos cumpridos o día da proba.
- \* As clasificacións non son acumulables, a categoría principal é a absoluta. O deportista que se clasifique entre os tres primeiros na categoría absoluta recibirá o trofeo nesa categoría, non optando ao premio nas noutras categorías. (SUB 18, MASTER 1, MASTER 2).

## **ARTIGO 7- DATA E HORARIOS**

A data de celebración elixida para o evento é o vindeiro sábado 13 de xuño.

Os horarios das distintas carreiras son os seguintes:

Carreira de base: 16,30h

Carreira curta : 17,00h

Carreira longa : 17,45h

Entrega de trofeos: 19,30h.

## **ARTIGO 8 - ACREDITACIÓN E RETIRADA DE DORSAIS**

A retirada de dorsais e camiseta, realizarase nas instalacións deportivas Municipais, ata 30 minutos antes da saída de cada carreira. Ditas instalacións estarán abertas ao público dende as 15,30 h.

A Oficina Permanente situarase na zona da biblioteca das instalacións deportivas, todos os participantes poderán pasar recoller a documentación da proba, así coma os dorsais e o CHIP de control.

Todo participante deberá levar de forma obrigatoria o CHIP, ademais do dorsal, en lugar visible. Aquel deportista que non leve colocado de maneira visible o dorsal será excluído do percorrido por membros da organización.

O dorsal é un artigo persoal e intransferible. A persoa inscrita só poderá participar co dorsal que lle foi asignado e acepta non permitir o uso do mesmo a outras persoas.

## **ARTIGO 9 - COTAS DE INSCRICIÓN**

**A cota de inscrición para a carreira será de 25,00 €**

Coa inscrición terase dereito aos seguintes servizos:

- Dorsal e CHIP.
- 
- Camiseta do evento

- Medalla finischer
- Avituallamentos sólidos e líquidos.
- Persoal de seguridade.
- Asistencia médica (Médico, Ambulancia).
- Duchas, aseos e vestiarios.
- Aparcadoiro.

#### **ARTIGO 10 - DEREITOS DE IMAXE**

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe.

Coa firma de inscrición o participante admite que o organizador poida facer uso da imaxe de todos os corredores en calquera formato, xa sexa gráfico ou dixital, e en todas as súas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet, carteis, medios de comunicación, etc.) e cede todos os dereitos relativos á súa explotación comercial e publicitaria que consideren oportuno executar, sen dereito pola súa banda a recibir compensación económica algunha.

**RESPECTA O MEDIO AMBIENTE.** Co fin de xerar un mínimo impacto ambiental, os participantes usarán os contedores situados nos avituallamentos para tirar envases, envoltorios ou restos de comida e absteranse de tirar nada ao chan durante o percorrido. Respecta a posibles veciños e/ou traballadores da zona. Respecta os voluntarios e staff de organización que están a velar por ti, así como os teus propios compañeiros. Respecta os avituallamentos. Pensa que detrás de ti virán máis participantes que tamén queren beber e comer coma ti.

#### **ARTIGO 11 - LOXÍSTICA**

A organización resérvase o dereito de modificar todo o relativo ao itinerario, avituallamentos, horario de saída, etc., cando, por motivos ou circunstancias, así o aconsellen.

#### **ARTIGO 12 - LOPD**

O Concello de Dumbría e Emesports, garanten o pleno cumprimento da normativa de Protección de Datos de Carácter Persoal, e así, de acordo coa Lei Orgánica 15/1999, o asinante queda informado e presta o seu consentimento á

incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes no concello e ao tratamento dos mesmos para a súa utilización en relación co desenvolvemento de xestións administrativas, comerciais e outras actividades propias do mesmo. A política de privacidade do concello asegúralle, en todo caso, o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na lexislación vixente, mediante escrito dirixido ao CONCELLO DE DUMBRÍA, Estrada de DUMBRÍA, s/n. 15151, DUMBRÍA.

**ARTIGO 13 -**

Ao efectuar e validar a inscrición na proba, o participante asume o coñecemento e aceptación sen reservas do presente regulamento, renunciando a calquera procedemento legal contra a organización derivado da súa participación.